

120 ANOS DE CINE EN VIGO

Mostra de vistas cinematográficas

BASES DE PARTICIPACIÓN

Esta actividade vai destinada á participación dos estudantes das escolas de audiovisual da contorna de Vigo:

Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV), Escuela Superior de Artes Cinematográficas de Galicia (EGACI), Universidade de Vigo (Grao en Comunicación Audiovisual).

Os estudantes, co asesoramento dos seus profesores, filmarán unha serie de vistas cinematográficas ao estilo das elaboradas polos operadores dos irmáns Lumière.

Os profesores dos centros de ensino realizarán unha selección de obras que serán exhibidas, optando a un premio de carácter simbólico que será entregado no Auditorio do Concello na gala de clausura do Festival Primavera do Cine en Vigo.

As obras deberán estar filmadas baixo as seguintes condicións:

1. Unha única toma documental de 55 segundos de duración.
2. A toma estará realizada nunha localización exterior da cidade de Vigo.
3. A toma estará filmada sen empregar efectos de postproducción (música, voz en off, efectos especiais, etc).
4. A toma poderá ser filmada empregando gravación de son ambiental en directo.
5. A toma estará filmada sen empregar travelings efectuados con “dolly”, “steadycam”, cámara en man ou calquera procedemento técnico posterior

ao Modelo de Representación Primitivo (si serán válidas as tomas efectuadas dende un medio de transporte en movemento).

6. Cada centro de ensino entregará un máximo de quince traballos. Cada traballo levará unha cabeceira co “título da vista” e o nome do alumno que a realizou.

7. A escola será a encargada de entregar os traballos editados nunha única copia (co nome da escola e o ano de produción).

8. A data límite de entrega será o 14 de abril de 2017.

9. Concederanse un total de tres premios para as mellores vistas. A concesión destes premios corresponderá ao equipo de programación do Festival Primavera do Cine en Vigo.

10. Os criterios para valorar as vistas consistirán na calidade técnica e estética da toma, a asimilación e modernización do “estilo Lumière” e a presenza da cidade de Vigo.